


1 LIBGDX Instalación en Windows


1.1 Instalación JDK de Oracle

- Vaise instalar a versión 7.
- En <http://www.oracle.com/technetwork/java/javase/downloads/index.html> pódese obter máis información.


• Instalación JDK




No enlace <http://www.oracle.com/technetwork/java/javase/downloads/index.html> descargamos o JDK.




Aceptamos a licencia e descargamos a última versión do JDK para windows, neste caso para 64 bits.




Ficheiro descargado sen extensión.



Engadir extensión .exe



Executar.



Aceptar a advertencia.



Premer en **Next**.



Fixarse na ruta onde vai ser instalado. Premer **Next**.




Fixarse onde se vai instalar o JRE.




Proceso de instalación do JRE.



Pechar o proceso de instalación.



Comprobar a versión do JRE: **java -version**. En cambio a versión do compilador dínos que non atopa o programa **javac**.



Iso é porque non está a ruta no **path**. Non fai falla para executar Eclipse nin o SDK de Android, pero se alguén o desexa pode engadir a ruta

ao **path**. Observar que no path non aparece a ruta ao JRE, pero no proceso de instalación copiase a MV de Java (java.exe) a **C:\Windows\System32**.

-- Ángel D. Fernández González e Carlos Carrión Álvarez -- (2013).